

ACTA Nº 06/2011

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2011.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2.- Resolucións da Alcaldía
- 3.- Ratificación, se procede, de acordo da Xunta de Goberno Local, de aprobación do Plan Concertado de Servizos Sociais para o ano 2011.
- 4.- Moción da Federación de Asociacións de Veciños “A Chamusca” sobre execucións hipotecarias.
- 5.- Rogos e preguntas.

Asistentes:

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. María Teresa Suárez Riobó

D. Arturo González Pérez

D. Xosé Euloxio Santos Leites

D. José Ferverza Costas

D. Javier Abal Juncal

D. Carlos Trigo Ferverza

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. Rosana Paredes Durán

Na Casa do Concello de Moaña a 28 de abril do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen-se os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar Pleno Ordinario, anunciado para o día de hoxe. Non están presentes os Concelleiros do PP, D. Abelardo Nahur Currás Vázquez e Dna. Melina Alves Martinez e o Concelleiro do BNG, D. Diego Manuel Riobó Martínez.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde sinala que estamos ante o último Pleno ordinario desta Corporación. O 19 de maio celebraremos o Pleno para aprobar a acta do día de hoxe. Suspéndense as comisións informativas salvo que houbese algún asunto importante.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 04/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2011 e á acta nº 05/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 26 de abril de 2011.

Non hai intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 04/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2011, quedando aprobada por nove a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 05/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 26 de abril de 2011, quedando aprobada por nove a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, pregunta pola resolución nº 182/11 de 5 de abril sobre a 1º pago aprazamento débeda Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Presentamos pola mañá unha pregunta por escrito a este respecto.

O Sr. Alcalde afirma que a resolución forma parte da execución dun acordo previo da Xunta de Goberno sobre recoñecemento da liquidación do canon de depuración da auga correspondente aos nove primeiros meses do ano 2004. Ese ano se asinou o contrato con Aqualia. Púxose ao cobro os padróns dos anos anteriores. Houbo problemas de control de ingresos e da liquidación do canon de depuración. A partir de 2004 comezou a facela a concesionaria e quedaron pendentes eses meses. Augas de Galicia reclamou a débeda o ano pasado. Acordouse facelo en catro pagos. Orzamentouse o pago e fraccionouse en catro pagos a realizar en cada trimestre. Este sería o primeiro pago. A Tesourería presentou toda a documentación do pago. (O Sr. Alcalde entrega a documentación ao Sr. Fervenza).

O Sr. González, Concelleiro do PP, sinala que é a primeira vez que o Alcalde fai iso.

O Sr. Alcalde responde que iso é mentira.

3.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE APROBACIÓN DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2011.

O Sr. Alcalde sinala que se trata de ratificar o acordo de aprobación do Plan Concertado en base ao informe proposta da traballadora social de data 8 de abril de 2011. a convocatoria é anual. Contribúe ao financiamento dos Servizos Sociais. O prazo para acollerse á convocatoria remataría o último día de abril. A Orde permite que a Xunta de Goberno o aprobe e o Pleno ratifique o acordo. Aprobouse en Xunta de Goberno do 11 de abril. Remitiuse a Santiago. Está tramitado e remitido. Trátase de ratificalo.

A Sra. Cruz, Concelleira Delegada de Servizos Sociais da conta do informe-proposta, que textualmente di:

“SOBRE SOLICITUDES Á XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS, dada conta a orde do 3 de marzo DE 2011.(D.O.G. nº 62 do 29 de marzo de 2011), pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión

de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, PROPONSE:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Comunitarios, de conformidade co artigo 3, aptdo. 1 da orde:

RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS SOCIAIS:	110.680,58 €
MANTEMENTO	1.500,00 €
XESTIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS	23.360,00 €
AXUDA NO FOGAR	
- Prestación básica	35.000,00 €
- Persoas dependentes	307.448,21 €
IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	477.988,79 €

SEGUNDO: Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

TERCEIRO: O Concello comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 177.883,23 €, que supón unha porcentaxe do 37% sobre o orzamento total do proxecto.”

A Sra. Cruz engade que se seguen os trámites habituais. No apartado de persoal se inclúe a cinco traballadoras. Quero agradecer o traballo que levan desempeñado nestes oito anos. Respecto da xestión de programas neste apartado se inclúen a atención de persoas discapacitadas, persoas maiores e o programa de vacacións en paz para os rapaces saharauis. Respecto da axuda no fogar, incrementouse bastante, pola tema da dependencia. En época de crise as axudas á dependencia cobran máis valor. Concedéronse a corenta persoas, das que oito morreron. Temos persoas pendentes da valoración da Xunta. Polo visto non hao orzamento.

Seguidamente, a Sra. Cruz explica os graos e niveis das persoas afectadas e remata pedindo o apoio por unanimidade de todos os Concelleiros.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, di que quere facer eco de que o PP está preocupado. Un dato, no abo 2005 co Bipartito, se destinaron oitenta mil cincoenta euros. No 2007, cento dezaioito mil euros. No 2009, cento corenta e catro mil euros. No 2010, cento noventa e dous mil cento noventa e dous euros. O evidente non se pode negar. Non estou de acordo co que di a Concelleira. Se sumamos Plan Concertado e axuda no fogar da esa cantidade. A Xunta está investindo máis que o Bipartito. Lóxico, tamén, dada a situación na que nos atopamos.

O Sr. Pastoriza, Concelleiro do PSOE, afirma que neste asunto todos somos culpables do escaso desenvolvemento da Lei de dependencia. Quero dicir que no meu ámbito familiar unha persoa con necesidade morreu sen que se achegase a axuda, agardando pola valoración e sen

que a cuidadora tivese ninguna compensación por todo o seu esforzo. Serias demoras na valoración, polo que fose.

O Sr. Alcalde pide ao Sr. Fervenza que corrixa os datos. O que ao Concello remitiron o ano pasado foron cento oitenta mil euros, o anterior sobre cento dez mil. Os anteriores, oitenta mil e noventa mil euros. Houbo un incremento duns cincuenta mil euros relacionado ca aplicación da lei de dependencia e relacionado ca transferencia de fondos do Estado para a aplicación da lei. Os servizos sociais, servizo que debería acometer a Xunta de Galicia, están espallados polos concellos ou polo que cadre. Os custos están repartidos. Cento cincuenta mil euros non son nin o 50%. O resto o aportan concellos e beneficiarios do servizo. É un asunto de todos. Actualmente está organizado de unha forma pésima. Hai erros recoñecidos de aplicación, especialmente erros de financiamento. Non cabe votarse demasiadas flores. Hai que tentar que as cousas melloren.

O Sr. Fervenza di que convén aclarar un dato coñecido. Hai persoas que morreron antes de percibir a prestación e iso sempre pasou. Hai que tentar evitalo. ¿Que están espalladas as competencias?. Si, pero iso non é de agora. Millán, levas oito anos de Alcalde.

O Sr. Alcalde afirma que o PP tiña unha visión completamente distinta da do PP respecto da distribución de competencias á que se está a aplicar. Isto tiña que ser responsabilidade da Xunta de Galicia. Que teña acceso ao servizo calquera veciño con independencia do lugar de residencia. O PP pretende aos concellos coma subsidiarios da Xunta. O Concello está a financiar á Xunta, adiantando os cartos. Igual acontece cos servizos contraincendios. Esa é a visión da actual Xunta. A Consellería de Cultura quedou cunha soa dirección, a Dirección Xeral do libro. Cesou ca campaña de animación á lectura do Bipartito. En febreiro prometeron seis mil euros para a campaña. Hai dez días avisaron de que por motivos de axustes orzamentarios o importe pasou de seis mil euros a catrocentos vintecinco euros. Houbo que refacer todo o programa. Así con todo. E cos Servizos Sociais, igual. Aínda así, non utilizaremos isto de arma electoral.

O Sr. Pastoriza di que hai demasiadas administracións traballando nisto pero pouco financiamento. Falla o punto de partida, que a Administración recoñeza á persoa o dereito universal a ser atendido sen que a persoa perda a vida.

O Sr. Alcalde afirma que a lei de dependencia é a grande revolución do século XXI.

O Sr. Fervenza di que a campaña comeza o día cinco. Agradecemos que ningún quede sen atender, iso é o único que nos preocupa. Non pensemos tanto en atacar á Xunta e pensemos máis en atender ás necesidades da xente.

O Sr. Alcalde sinala que se solicitarán uns catrocentos setenta e sete mil euros. Destes, acabarán sendo cento cincuenta mil euros. O Concello apunta no Orzamento o necesario para cubrir o servizo tal coma está agora. Quedarán moitas persoas sen atender.

O Sr. Fervenza di que hai que aclarar un dato coñecido. Hai persoas que faleceron antes. Isto sempre pasou. Hai que tentar de evitalo.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación o informe proposta deste Concello sobre solicitudes á Xunta de Galicia de subvencións destinadas á prestación de Servizos Sociais, quedando aprobado por unanimidade dos asistentes, inclusive dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para Servizos Sociais de Comunitarios, de conformidade co artigo 3, aptdo. 1 da Orde:

RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS SOCIAIS:	110.680,58 €
MANTEMENTO	1.500,00 €
XESTIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS	23.360,00 €
AXUDA NO FOGAR	
- Prestación básica	35.000,00 €
- Persoas dependentes	307.448,21 €
IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	477.988,79 €

SEGUNDO: Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

TERCEIRO: O Concello comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 177.883,23 €, que supón unha porcentaxe do 37% sobre o orzamento total do proxecto.

4.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS “A CHAMUSCA” SOBRE EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS.

Dona María José Álvarez Vázquez, afirma que é unha das persoas afectada por unha execución hipotecaria. A crise está caendo sobre nós. O Goberno tira para atrás. Estanse a financiar bancos e caixas e cando tes un problema dinche que tes que pagar. Un goberno que recibe cartos de min debe dar solucións, non embargar. Esa debería ser a última medida. ¿Qué queren, que acabemos todos pedindo axuda dos Servizo Sociais?. Os políticos saben que quenes pagan aos bancos somos nós. Escóiten á xente. Dous mil cincocentos embargos en Galicia no 2010. están no Consello Xeral do Poder Xudicial. Cuestión máis importante que esa non a hai. Temos que movilizarnos e que bancos e caixas colaboren ca xente. Aquí no Morrazo temos o problema do naval e non se está a facer nada. Non pode ser. Espero que dende a Corporación apoiem esta moción e tomemos conciencia do problema.

(Seguidamente, a Sra. Álvarez procede a dar lectura á moción):

“Co estoupido da crise e o aumento do paro, centos de milleiros de familias teñen chegado a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas.

Segundo os datos do “Consejo General del Poder Judicial”, entre os anos 2007 e 2010, no Estado Español teranse producido máis de 300.00 execucións hipotecarias e as previsións din que entre o 2011 e 2012 esta cifra podería chegar as 500.000.

Cando isto acontece, as familias non só se enfrontan a perda da súa vivenda senón tamén a unha condena financeira de por vida: a entidade bancaria interpón unha demanda e o proceso de execución hipotecaria remata coa poxa do inmovible: se esta queda deserta (o que acontece nestes intres no 90% dos casos), coa actual lei vixente a entidade bancaria adxudícase a vivenda polo 50% do valor de taxación e segue a reclamar o pagamento da débeda restante, máis os xuros e costas xudiciais, a persoas nunha situación de insolvencia a traveso de embargo de nóminas, contas correntes, deles mesmos e dos avalistas. E dicir, ademais de perder a vivenda, milleiros de familias enfróntanse a unha condena financeira de por vida que se traduce na exclusión social e a economía mergullada.

A lexislación na que se amparan as entidades financeiras non só é anómala e non ten comparanza coas de outros países de noso entorno, senón que ademais , con carácter xeral, era descoñecida polas familias cando asinaron os contratos hipotecarios. Ademais da publicidade enganosa con sobrevaloración das taxacións e con cláusulas abusivas como é o caso, tamén, das cláusulas chan.

Nun estado social e democrático de dereito resulta inadmisíbel que todas as consecuencias da crise caian sobre a parte máis feble do contrato hipotecario e as entidades financeiras, grandes responsables da crise, reciben axudas millonarias que saen dos nosos petos sen teren que asumir ningunha responsabilidade e xerando millóns de ganancias anuais.

A perda da vivenda priva ao individuo e a familia da residencia, isto os exclúe da vida administrativa e, por tanto, a perda de dereitos impedindo a realización profesional e familiar. Os desafuzamentos supoñen un risco para os niveis de seguridade e paz social no entorno máis próximo, responsabilidade das autoridades municipais.

Xa que o marco xurídico constitucional, artigo 47, reconece o dereito a vivenda digna e axeitada e a obriga dos poderes públicos para promovelos, e o artigo 33 limita o dereito a propiedade privada ao seu fin social así como os diversos compromisos xurídicos sobre o dereito a vivenda ao ratificar os tratados internacionais, polo que esta situación móvese na competencia estatal pero con efectos dramáticos no ámbito municipal, xa que nos concellos é a onda van as persoas e familias afectadas na busca de axuda, polo que as corporacións padecen o problema por partida dobre: porque se vulneran os dereitos fundamentais dos seus veciños e, por outro nesta situación de crise, os concellos ven totalmente limitada a súa capacidade de axuda .

En consideración de todo o exposto se solicita da Corporación Municipal de Moaña adopte os seguintes acordos:

1º.- Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da **dación en pago**, de tal xeito que nos casos de residencia habitual , cando o banco execute a hipoteca e se quede coa vivenda, a totalidade da débeda (principal, intereses e costas) quede liquidada.

2º.- Instar ao Goberno Central a aprobar unha moratoria que paralicen os desafuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. E para os xa producidos aprobar

medidas de urxencia que poñan a disposición das familias afectadas os milleiros de pisos acumulados polas entidades financeiras en réxime de aluguer social que non supere nunca o 30% da renda familiar dispoñible.

3º.- Crear unha comisión especial na que participen representantes da corporación, asociacións de afectados e asociacións veciñais ou de carácter social que sexan coñecedoras da problemática. O obxectivo sería a busca de alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos.

4º.- Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, Ministerio de Economía e o de Justicia, aos grupos parlamentares do Congreso e Senado, ao Parlamento Galego, a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e a Federación de AAVV A Chamusca.”

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, afirma que é de agradecer que na súa última intervención no salón de plenos se debata unha moción con contido social, económico e político. Ao fío da moción, a orixe da crise, unha crise descoñecida, é a voracidade financeira do sistema capitalista motivado polas hipotecas basuras e a voracidade das entidades financeiras dos Estados Unidos. Atopámonos ante unha saída en falso da crise. Cando reventou a situación, algúns ilusos crían que ía ser a oportunidade de ouro para refundar o sistema capitalista e facer un sistema máis ligado á produtividade. O único que se fixo foi trasladar a necesidade de esforzo para arreglar o sistema financeiro amordazando a toda a sociedade. Así o creímos e atendimos a recortes salariais, eliminación de postos de traballo, recortes sociais... A clase traballadora estámolo pagando co noso traballo. A partires de aí, todo o que se deriva: vivenda, créditos hipotecarios, cláusulas abusivas que obrigan a entregar a vivenda ao banco e seguir pagando toda a vida... Non pode ser que quenes crearon o problema sigan nos seus postos e cobrando suculentas primas. É necesario que o Goberno modifica a lei hipotecaria. Non cabe a argumentación de que iso orixinaría unha nova quebra bancaria. Non, busquen fórmulas. Estamos cansos de pagar nós os pratos rotos. Apoiarei a moción con entusiasmo.

O Sr. Piñeiro, Voceiro do BNG, sinala que lles preocupa o problema. Como pide a propoñente, poden contar co noso apoio. Aquí, alí e máis alá. Temos recentes exemplos de grupos que aquí apoian unha cousa e no Parlamento de Galicia e de España outra. Coherencia. Pasou esta semana cos veciños da Illa de Óns. O PP en Bueu votou a favor e en Santiago en contra. Igual cas transferencia en materia de tráfico, en Galicia todos de acordo, no Parlamento español, o PP e o PSOE votaron en contra. Queda solo o BNG. A nós preocúpanos máis a estabilidade financeira das persoas que a das entidades financeiras.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, di que a moción ten o apoio do seu Grupo. Hai que situar o contido da moción co actual escenario. Os concelleiros temos unha responsabilidade, pero no noso ámbito. Quédome co contido da moción. Que se modifique a regulación hipotecaria, que ca entrega da casa quede a débeda extinguida. O Estado tivo que saír en apoio dos bancos, si, pero os cartos non son gratis, terán que devolvelos. O noso apoio ao contido estricto da moción.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, sinala que a Sra. Álvarez participou na asemblea do PP. Alí xa se amosamos o noso apoio e llo trasladamos en todo momento. No Parlamento presentei unha iniciativa de apoio.

A Sra. Álvarez da as grazas. Di que representa a moita xente que está a pasalo mal e que non teñen onde meter aos fillos. Moi triste. Aínda que aquí recabemos o apoio, o Goberno central

tira para atrás. Non entendo de política. Sexan de dereitas ou de esquerdas póñanse de acordo en algo tan importante e, vostedes que pode, cheguen ás instancias superiores, tomen conciencia do problema. É unha loita recomendable.

O Sr. Santos sinala que lle fastidia que se terxiversen as cousas. Non é cuestión de caridade, estamos a falar de xustiza social.

O público e Concelleiros asistentes aplauden unha vez rematadas as intervencións.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada pola Federación de asociacións de veciños “A Chamusca” sobre execucións hipotecarias, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

1º.- Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha modificación da regulación hipotecaria que inclúa a figura da dación en pago, de tal xeito que nos casos de residencia habitual, cando o banco execute a hipoteca e se quede coa vivenda, a totalidade da débeda (principal, intereses e costas) quede liquidada.

2º.- Instar ao Goberno Central a aprobar unha moratoria que paralice os desafiuzamentos das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. E para os xa producidos aprobar medidas de urxencia que poñan a disposición das familias afectadas os milleiros de pisos acumulados polas entidades financeiras en réxime de aluguer social que non supere nunca o 30% da renda familiar dispoñible.

3º.- Crear unha comisión especial na que participen representantes da corporación, asociacións de afectados e asociacións veciñais ou de carácter social que sexan coñecedoras da problemática. O obxectivo sería a busca de alternativas que eviten os desafiuzamentos por motivos económicos.

4º.- Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, Ministerio de Economía e o de Justicia, aos grupos parlamentares do Congreso e Senado, ao Parlamento Galego, a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e a Federación de AAVV A Chamusca.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dña. Cristina Fanjún Montaña pregunta pola colocación de un poste eléctrico nun camiño privado diante da súa casa.

O Sr. Alcalde responde que a cuestión terá que falala con Fenosa. O Pleno non pon postes de luz, ponos Fenosa que é quen lle da a vostede o servizo. Acláreo con Fenosa.

A Sra. Fanjún afirma que non foi Fenosa. O Concello decidiu a colocación.

O Sr. Alcalde di que o aclare co Concelleiro. O que tería que facer, no seu caso, é levar a Fenosa ao Xulgado.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinteunha horas e dez minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO